

ELECCIÓN A PARLAMENTO DE GALICIA 2024

INSTRUCCIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS

DELEGADOS/AS DAS XUNTAS ELECTORAIS DE ZONA

(SECRETARIOS/AS DOS CONCELLOS)

Aprobadas por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de decembro de 2023





ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
INSTRUCCIÓN	4
GRATIFICACIÓN, RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN	5
GRATIFICACIÓN AOS/ÁS DELEGADOS/AS DAS XUNTAS ELECTORAIS DE ZONA	5
RETRIBUCIÓN AO PERSOAL COLABORADOR DOS CONCELLOS EN TAREFAS ADMINISTRATIVAS	6
INDEMNIZACIÓN POR GASTOS DE VIAXE	6
GASTOS RELACIONADOS COS COLEXIOS ELECTORAIS	6
ACONDICIONAMENTO DE LOCAIS ELECTORAIS	7
<i>ADECUACIÓN DOS LOCAIS ONDE SE SITUEN OS COLEXIOS ELECTORAIS</i>	7
<i>SINALIZACIÓN DOS LOCAIS CORRESPONDENTES A CADA SECCIÓN E MESA ELECTORAL</i>	7
<i>ADECUACIÓN RELATIVA AO VOTO ACCESIBLE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADES VISUAIS</i>	7
MONTAXE, DESMONTAXE E TRANSPORTE DE URNAS E CABINAS	8
DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE REMITIR PARA O ABOAMENTO DE GRATIFICACIÓN E INDEMNIZACIÓN	8
INDEMNIZACIÓN ÁS PERSOAS QUE INTEGRAN AS MESAS ELECTORAIS	8
<i>INDEMNIZACIÓN POR DESPRAZAMENTO DO/DA PRESIDENTE/A DA MESA ELECTORAL AO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA OU DE PAZ</i>	9
TRANSPORTE INSTITUCIONAL	9
IMPRESOS	10
IMPRESOS QUE VAN RECIBIR OS CONCELLOS	10
<i>IMPRESOS RELACIONADOS COA FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS</i>	10
<i>IMPRESOS RELACIONADOS COA SINALIZACIÓN DOS LOCAIS CORRESPONDENTES A CADA SECCIÓN E MESA ELECTORAL</i>	11
<i>IMPRESOS RELACIONADOS COA SINALIZACIÓN DO TRANSPORTE INSTITUCIONAL</i>	12
<i>OUTROS IMPRESOS ELECTORAIS QUE VAN RECIBIR OS CONCELLOS</i>	12
ANEXOS IE-DXEZ (SECRETARIOS/AS CONCELLOS)	15



INTRODUCCIÓN

A convocatoria de eleccións ao Parlamento de Galicia require dun importante esforzo técnico-administrativo que permita afrontar con garantías o desenvolvemento da totalidade do proceso no seu conxunto, tanto nas fases previas, nas posteriores, como, primordialmente, no día de realización do sufraxio. A complexidade das actuacións incrementase pola necesidade de coordinar adecuadamente, nun prazo moi limitado, a participación no proceso de elementos pertencentes a distintas administracións.

Conforme o preceptuado nos artigos 13.2 e 22.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), e artigos concordantes da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia ten que pór á disposición das xuntas electorais os medios persoais e materiais necesarios para o exercicio das súas funcións e, así mesmo, ten que fixar as axudas de custo e gratificacións correspondentes ás persoas que integran as xuntas electorais e ao persoal ao seu servizo. De acordo coa dita normativa, e en consonancia co Real decreto 605/1999, do 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais, o Decreto 153/2023, do 28 decembro, establece as normas sobre os medios materiais que se utilizarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024, e o Decreto 154/2023, do 28 de decembro, fixa as gratificacións e indemnizacións que percibirán as persoas que integran a Administración electoral en Galicia e o persoal ao seu servizo, os/as xuíces/zas de primeira instancia ou de paz, representantes da Administración da Comunidade Autónoma nas mesas electorais, así como o persoal da Xunta de Galicia, co gallo das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024.

Por todo o anterior, a Xunta de Galicia acorda, a través do Consello de Goberno, a necesidade de elaborar un marco en que se regulen de maneira detallada as seguintes actuacións:

- O procedemento de aboamento das gratificacións e das indemnizacións aos/ás delegados/as das xuntas electorais de zona (secretarios/as dos concellos).
- O procedemento para remunerar os servizos extraordinarios prestados polo persoal colaborador dos concellos.
- O procedemento para sufragar os gastos en relación cos colexios electorais.
- As instrucións relativas ao transporte institucional o día da xornada electoral.
- As datas de entrega dos impresos que van recibir os concellos.

Polas razóns expostas, o procedemento que se configura pretende acadar, ademais dos máximos niveis de coordinación entre os concellos, as xuntas electorais e a Xunta de Galicia, que a dotación dos medios anteriormente mencionados sexa efectuada o antes posible, para evitar posibles prexuízos que repercutan no normal funcionamento do proceso.





XUNTA DE GALICIA

Por todo isto, e desde esta responsabilidade, elaboráronse as presentes **instrucións** co obxectivo último de acadar unha mellor coordinación entre as distintas administracións que permita, unha vez iniciado o proceso electoral, que este se desenvolva con total e absoluta normalidade.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso



INSTRUCCIÓN

GRATIFICACIÓNS, RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS

O Decreto 154/2023, do 28 de decembro, polo que se fixan as gratificacións e indemnizacións que percibirán as persoas que integran a Administración electoral en Galicia e o persoal ao seu servizo, os/as xuíces/zas de primeira instancia ou de paz, representantes da Administración da Comunidade Autónoma nas mesas electorais, así como o persoal da Xunta de Galicia, co gallo das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024, determina, no seu artigo 3, as cantidades que deben ser aboadas aos/ás secretarios/as dos concellos, pola súa condición de delegados das xuntas electorais de zona, e ao persoal colaborador dos concellos polo desempeño das súas funcións durante o proceso de eleccións.

GRATIFICACIÓNS AOS/ÁS DELEGADOS/AS DAS XUNTAS ELECTORAIS DE ZONA

Os/as secretarios/as dos concellos, pola súa condición de delegados/as das xuntas electorais de zona, percibirán unhas cantidades fixas, que virán determinadas polo número total de mesas electorais que efectivamente se constitúan no municipio ou municipios en que actúen como tales, con independencia da súa natureza de agrupados ou acumulados con relación ao/á titular da Secretaría. Os importes que se deberán aboar aos/ás delegados/as das xuntas electorais de zona serán os seguintes:

Núm. de mesas electorais	Importe
Non superior a 10 mesas	807,50 €
Entre 11 e 50 mesas	902,50 €
Superior a 50 mesas	1.045,00 €

O dereito á percepción das gratificacións anteriores enténdese referido á totalidade do proceso electoral autonómico. No suposto de que permaneza no cargo por un tempo inferior, terá dereito a unha cantidade proporcional á permanencia no proceso.

No suposto de que o/a titular dunha Secretaría sexa adscrito a un novo concello durante a realización do proceso electoral autonómico, percibirá, de ser o caso, ademais, a diferenza que lle corresponda co xa percibido, se o concello de destino está comprendido nun tramo distinto ao de orixe.



Para poder realizar o aboamento das anteriores gratificacións é preciso remitir a solicitude de transferencia de acordo co modelo que figura como anexo I, debidamente asinada dixitalmente.

O aboamento destas gratificacións realizarase unha vez acreditado o seu dereito a percibilas pola súa totalidade ou ben pola parte proporcional que corresponda, unha vez rematado o proceso electoral.

RETRIBUCIÓNS AO PERSOAL COLABORADOR DOS CONCELLOS EN TAREFAS ADMINISTRATIVAS

Para remunerar os servizos extraordinarios prestados polo persoal colaborador dos concellos en tarefas administrativas asignarase, con carácter limitativo, a cantidade de 39,90 euros por cada mesa electoral efectivamente constituída no respectivo municipio.

Para os efectos do correspondente aboamento destes servizos, os/as secretarios/as de cada un dos concellos expedirán un certificado (utilizando o modelo do anexo II, asinado dixitalmente) en que indiquen que os servizos prestados foron realizados, con carácter voluntario, fóra da xornada habitual de traballo, que deberá ser remitido xunto co anexo III asinado electronicamente por cada un dos perceptores.

INDEMNIZACIÓNS POR GASTOS DE VIAXE

Cando os/as secretarios/as dos concellos teñan que desprazarse fóra do municipio da súa residencia habitual, para acudir á xunta electoral de zona correspondente, seranlles aboados integramente os gastos de transporte e, se utilizan o seu vehículo particular, aboaráselles cada quilómetro percorrido a razón de 0,26 euros.

Se no desprazamento se fai todo ou parte do percorrido por autoestrada de peaxe, será indemnizable o gasto da peaxe, que se deberá acreditar coa presentación do xustificante que verifique a súa realización. Igual consideración terán os gastos de aparcamento que sexa necesario sufragar para acudir á xunta electoral de zona correspondente.

GASTOS RELACIONADOS COS COLEXIOS ELECTORAIS

A normativa autonómica vixente pola que se establecen as normas sobre os medios materiais que se utilizarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024 constitúe o marco que regula as condicións necesarias que deben reunir tanto os locais electorais como as urnas e cabinas que se van utilizar no vindeiro proceso electoral autonómico.



ACONDICIONAMENTO DE LOCAIS ELECTORAIS

De conformidade co establecido no artigo 24.1 e 24.2 da Lei orgánica, 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, as delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral publicarán, no boletín oficial da súa provincia, o sexto día posterior ao da convocatoria, os locais electorais que se utilizarán nestes comicios autonómicos.

Neste sentido, e ao abeiro do disposto no Decreto 153/2023, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas sobre os medios materiais que se utilizarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024, os locais que se utilizarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia reunirán as condicións necesarias para o seu fin, estarán perfectamente sinalizados no referente a seccións e mesas, serán preferentemente de titularidade pública e de carácter docente, cultural ou recreativo, e deberán ser accesibles ás persoas con limitacións de mobilidade.

Por isto, co obxecto de dar obrigado cumprimento ao preceptuado na normativa autonómica e evitar calquera tipo de incidencia que poida perturbar o normal e correcto desenvolvemento da xornada electoral, será necesario que desde os concellos se proceda á:

ADECUACIÓN DOS LOCAIS ONDE SE SITÚEN OS COLEXIOS ELECTORAIS

Para a realización deste labor, os concellos disporán, con carácter limitativo, de 36,00 euros por cada unha das mesas electorais que efectivamente se constitúan no municipio.

Para os efectos do correspondente aboamento destes servizos, os/as secretarios/as de cada un dos concellos expedirán un certificado (utilizando o modelo do anexo II, asinado dixitalmente) en que indiquen que os servizos prestados foron realizados, con carácter voluntario, fóra da xornada habitual de traballo, e que deberá ser remitido xunto co anexo III asinado electronicamente por cada un dos perceptores.

SINALIZACIÓN DOS LOCAIS CORRESPONDENTES A CADA SECCIÓN E MESA ELECTORAL

Para a realización deste labor, os concellos disporán dos medios materiais necesarios (carteis para a identificación exterior das mesas e frechas) que lles serán debidamente subministrados.

ADECUACIÓN RELATIVA AO VOTO ACCESIBLE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADES VISUAIS

Co gallo das vindeiras eleccións autonómicas, utilizarase o proceso de voto para persoas con discapacidades visuais recollido no Real decreto 1612/2007, do 7 de decembro, polo que se regula un procedemento de voto accesible que facilita ás persoas con discapacidade visual o exercicio do dereito de sufraxio (BOE núm. 294, do 8 de decembro).

No caso de que algún/algunha elector/a do seu concello opte por utilizar este sistema de votación, comunicarase con suficiente antelación ao seu concello a necesidade de habilitar un espazo concreto e accesible nos locais electorais que garanta a privacidade para a



manipulación da documentación por parte destes electores. Este espazo debe encontrarse o máis preto posible da mesa electoral (artigo 7 do Real decreto 1612/2007).

MONTAXE, DESMONTAXE E TRANSPORTE DE URNAS E CABINAS

A vixente normativa autonómica pola que se establecen as normas sobre os medios materiais que se utilizarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024 determina as medidas que cómpre adoptar en relación coas urnas e cabinas para garantir a súa correcta posta á disposición e entrega.

Para a realización deste labor, os concellos disporán, con carácter limitativo, de 43,20 euros por cada unha das mesas electorais que efectivamente se constitúan no municipio.

Para os efectos do correspondente aboamento destes servizos, os/as secretarios/as de cada un dos concellos expedirán un certificado (utilizando o modelo do anexo II, asinado dixitalmente) en que indiquen que os servizos prestados foron realizados, con carácter voluntario, fóra da xornada habitual de traballo, e que deberá ser remitido xunto co anexo III asinado electronicamente por cada un dos perceptores.

DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE REMITIR PARA O ABOAMENTO DE GRATIFICACIÓNS E INDEMNIZACIÓNS

A documentación xerada para levar a cabo os pagamentos recollidos nesta instrución (anexos I, II, III e IV, e facturas), debidamente asinada ou conformada dixitalmente, segundo corresponda, deberá ser remitida mediante a aplicación informática habilitada para o efecto ou ben a través do Rexistro electrónico (dirixida ao Servizo de Xestión Económica Secretaría Xeral da Presidencia).

No caso de que os documentos requiridos non se asinen mediante sinatura electrónica, deberán facerse chegar ao devandito Servizo de Xestión Económica da Secretaría Xeral da Presidencia os documentos orixinais en papel.

INDEMNIZACIÓNS ÁS PERSOAS QUE INTEGRAN AS MESAS ELECTORAIS

A vixente normativa pola que se fixan as indemnizacións e gratificacións nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024 determina que quen sexa nomeado/a para o cargo de presidente/a ou vogal das mesas electorais percibirá 70,00 euros en concepto de indemnización.

Neste caso, tal e como reflicte a norma autonómica, só terán dereito á indemnización arriba mencionada aqueles que teñan a condición de titulares, e os suplentes unicamente cando adquiren tal condición. Así mesmo, o dereito a ela será no seu importe íntegro, con independencia do tempo da xornada electoral en que se estivese desempeñando o cargo.



Por outra banda, ao abeiro do disposto no artigo 7 do Real decreto 605/1999, do 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais, a Xunta de Galicia faise cargo da cotización correspondente á cobertura de riscos dos/das presidentes/as, dos/das vogais e os seus/súas suplentes nas mesas electorais fronte ás continxencias e situacións que poidan derivar da súa participación nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024.

INDEMNIZACIÓN POR DESPRAZAMENTO DO/DA PRESIDENTE/A DA MESA ELECTORAL AO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA OU DE PAZ

Co obxecto de facilitar o cumprimento do preceptuado no artigo 101.1 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, cada un/unha dos/das presidentes/as das mesas electorais que teñen a obriga de entregar a documentación electoral pertinente na sede do xulgado de primeira instancia ou de paz, dentro da demarcación onde se encontre a súa mesa, percibirá 8,00 euros en concepto de indemnización por desprazamento.

A cantidade fixada no parágrafo anterior é por conta da Xunta de Galicia, sen menoscabo da obriga que incumbe á forza pública de facilitar o desprazamento destas persoas e que se encontra establecida no citado precepto.

TRANSPORTE INSTITUCIONAL

No caso de que a Xunta de Galicia tome a decisión de pór en marcha un sistema de transporte electoral gratuíto para os asentamentos de núcleos de poboación afastados, comunicarase pola administración convocante aos concellos para que, con anterioridade ao día 26 de xaneiro, o soliciten ante a Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia.

Como base referencial, teranse en conta os mesmos itinerarios de anteriores eleccións e, en todo caso, deberán fundamentarse en criterios de máximo rigor orzamentario, para utilizar en todos os casos as mínimas unidades posibles.

A través de bando, o concello dará a coñecer os itinerarios do transporte institucional para información de toda a cidadanía. O dito bando conterá os itinerarios, horarios, empresa encargada do transporte institucional e demais pormenores deste nos límites dos seus respectivos concellos.

En cumprimento da normativa electoral vixente, todos os medios de transporte que se vaian utilizar deberán ir perfectamente identificados con carteis que levarán o seguinte texto:

Xunta de Galicia

Eleccións ao Parlamento de Galicia 2024

Transporte institucional gratuíto

Estes carteis serán entregados por esta administración aos concellos en número suficiente.



IMPRESOS

IMPRESOS QUE VAN RECIBIR OS CONCELLOS

O Decreto 153/2023, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas sobre os medios materiais que se utilizarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024, constitúe o marco regulamentario que regula os impresos electorais que serán de utilización obrigatoria en todos os trámites e operacións nestes comicios autonómicos.

IMPRESOS RELACIONADOS COA FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS

Consonte o preceptuado no artigo 26.1 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, segundo o cal "a formación das mesas compete aos concellos, baixo a supervisión das xuntas electorais de zona", a Xunta de Galicia, co obxecto de establecer os máximos niveis de colaboración e entendemento entre os concellos e as xuntas electorais de zona a que se encontran adscritos, entende necesario incluír neste punto todos os impresos relacionados coa formación das mesas electorais, o que permitirá acadar unha mellor coordinación entre as partes anteriormente mencionadas.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	LUGAR DE ENTREGA	DATA DE ENTREGA
EPG 5.1	Lista de electores capacitados para presidentes e suplentes (versión dixital)	Concellos	31 días antes do sufraxio
EPG 5.2	Lista de electores capacitados para vogais e suplentes (versión dixital)	Concellos	31 días antes do sufraxio
EPG 5.3	Comunicación dos concellos á xunta electoral de zona correspondente, da formación de mesas electorais (versión dixital)	Concellos	31 días antes do sufraxio



CÓDIGO	DENOMINACIÓN	LUGAR DE ENTREGA	DATA DE ENTREGA
EPG 5.4.a	Nomeamento de persoas que integran a mesa (impreso múltiple de catro follas)	Concellos	31 días antes do sufraxio
EPG 5.4.b	Xustificante de recepción do nomeamento polo/a interesado/a	Concellos	31 días antes do sufraxio
EPG 5.4.c	Comunicación de datos de identificación ao/á xuíz/a	Concellos	31 días antes do sufraxio
EPG 5.4.d	Comunicación de datos de identificación (copia)	Concellos	31 días antes do sufraxio
EPG 5.5	Sobre para a remisión da notificación ás persoas que integran as mesas electorais	Concellos	31 días antes do sufraxio
EPG 5.6	Comunicación aos xuíces de primeira instancia ou de paz da composición das mesas electorais (versión dixital)	XEZ	31 días antes do sufraxio
EPG 5.7	Citación definitiva ás persoas que integran as mesas electorais	XEZ	31 días antes do sufraxio
	Manual para as persoas que integran as mesas	Concellos	31 días antes do sufraxio

IMPRESOS RELACIONADOS COA SINIALIZACIÓN DOS LOCAIS CORRESPONDENTES A CADA SECCIÓN E MESA ELECTORAL

Tal e como xa se comentou no capítulo anterior, e ao abeiro do disposto na normativa pola que se establecen as normas sobre os medios materiais que se utilizarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024, os locais que se utilizarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia estarán perfectamente sinalizados no referente a seccións e mesas.

Por isto, co obxecto de dar obrigado cumprimento ao preceptuado na normativa autonómica e evitar calquera tipo de incidencia que poida perturbar o normal e correcto desenvolvemento da xornada electoral, será necesario que desde os concellos se sinalen correctamente os locais correspondentes a cada sección e mesa electoral.

Para levar a cabo esta actuación, os concellos disporán de:



DENOMINACIÓN	DATA DE ENTREGA
Carteis para a identificación exterior das mesas electorais (tamaño grande)	3 días antes do sufraxio
Carteis para a identificación exterior das mesas electorais (tamaño pequeno)	3 días antes do sufraxio
Frechas	3 días antes do sufraxio

IMPRESOS RELACIONADOS COA SINALIZACIÓN DO TRANSPORTE INSTITUCIONAL

No caso de que se tome a decisión de pór en marcha o servizo, tal e como xa se comentou anteriormente, e ao abeiro do disposto na normativa electoral vixente, todos os medios de transporte que se vaian utilizar no caso de que se tome a decisión de pór en marcha o servizo deberán ir perfectamente identificados con carteis que levarán o seguinte texto:

Xunta de Galicia

Eleccións ao Parlamento de Galicia 2024

Transporte institucional gratuito

Estes carteis serán entregados aos concellos solicitantes, por esta administración, na forma e no prazo que reflicte o cadro seguinte:

DENOMINACIÓN	LUGAR DE ENTREGA	DATA DE ENTREGA
Carteis para a identificación do transporte institucional	Concellos	3 días antes do sufraxio

OUTROS IMPRESOS ELECTORAIS QUE VAN RECIBIR OS CONCELLOS

Co obxecto de acadar os máximos niveis de eficiencia en relación coa documentación electoral con que deberán contar as mesas o día da xornada electoral e previr, así mesmo, calquera tipo de incidencia que poida perturbar o seu normal e correcto desenvolvemento, será responsabilidade da empresa correspondente preparar e enviar a documentación abaixo descrita aos/ás secretarios/as dos concellos, para que estes/as poidan repartila a cada mesa.





Para isto, a empresa correspondente encargárase de entregar a ese concello, coa suficiente antelación –a data de entrega será a determinada pola persoa responsable do contrato de impresión– unha caixa por cada unha das mesas electorais que efectivamente se constitúan no municipio. A dita caixa, que na súa parte exterior indicará o distrito, a sección e a mesa a que pertence, conterá os seguintes impresos:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	NÚMERO DE IMPRESOS POR MESA
EPG 1.1	Papeletas de votación ao Parlamento de Galicia	nº aproximado electores mesa x nº partidos circunscrición
EPG 2	Sobres para papeletas de votación ao Parlamento de Galicia	nº electores mesa
EPG 7.1	Acta de constitución da mesa electoral	3
EPG 7.2	Acta de escrutinio da mesa electoral	3
EPG 7.3	Acta de sesión da mesa electoral	3
EPG 7.4.a	Lista numerada de votantes (primeira folla cuberta)	2
EPG 7.4.b	Lista numerada de votantes (segunda folla e seguintes)	2
EPG 7.5	Sobre nº 1: documentación para entregar no xulgado de primeira instancia ou de paz	2
EPG 7.6	Sobre nº 2: documentación para entregar no xulgado de primeira instancia ou de paz	2
EPG 7.7	Sobre nº 3: documentación para entregar ao/á funcionario/a do servizo de Correos	2
EPG 7.8	Recibo do/da xuíz/a de primeira instancia ou de paz, xustificativo da entrega dos sobres números 1 e 2 (versión dixital)	Formato dixital
EPG 7.9	Recibo do/da empregado/a de Correos, xustificativo da entrega do sobre número 3 (versión dixital)	Formato dixital
EPG 7.10	Certificado de votación (blocs de 100 follas)	1





Neste sentido, a caixa ou caixas que reciba ese concello proveniente da empresa correspondente conterá, ademais da documentación antes descrita, material de escritorio (bolígrafos, lapis...) e un precinto para o caso de ruptura da urna.

Para finalizar, e sen menoscabo de futuras comunicacións entre os/as secretarios/as dos concellos e esta administración autonómica, co obxecto de previr as continxencias que aparecen reflectidas no artigo 84.4 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, a Xunta de Galicia fará entrega a ese concello dun número suficiente dos impresos electorais arriba descritos que permita evitar calquera tipo de incidencia que poida perturbar o normal e correcto desenvolvemento da xornada electoral, así como garantirlle á cidadanía o libre exercicio do seu dereito ao voto.



ANEXOS IE-DXEZ (SECRETARIOS/AS CONCELLOS)





ANEXO I: SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA DELEGADO/A DA XUNTA ELECTORAL DE ZONA (SECRETARIO/A DO CONCELLO)

SECRETARIO/A DO/S CONCELLO/S DE _____

NÚMERO TOTAL DE MESAS CONSTITUÍDAS: _____

Don/Dona		NIF
Enderezo:		
CP:	Localidade:	
Teléfono de contacto:		

SOLICITA o ingreso das cantidades xeradas, co gallo da realización das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024, mediante unha transferencia á conta que se indica:

DATOS BANCARIOS

TITULAR:																												
IBAN - CÓDIGO CONTA CLIENTE																												

ANO DE NACEMENTO

TIPO IRPF A APLICAR: %

Na data da sinatura dixital / En _____, o ____ de _____ de 2024

(Sinatura)

¹ Número total de mesas electorais que efectivamente se constituían no concello ou concellos en que actúe como secretario/a.





ANEXO II: CERTIFICACIÓN DE SERVICIOS

Don/Dona _____,

secretario/a do Concello de _____

CERTIFICO:

Que o persoal colaborador que se detalla prestou servizos, con carácter voluntario, fóra da súa xornada habitual de traballo, por requirimento desta Xunta no proceso de eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024, na tarefa que se sinala e nos períodos e polos importes expresados:

TAREFA (márquese segundo proceda)

Administrativas Adecuación de locais Montaxe, desmontaxe e transporte de urnas e cabinas

RELACIÓN DE PERSOAL COLABORADOR

NIF	APELIDOS E NOME	PERÍODO		IMPORTE ÍNTEGRO
		DESDE	ATA	

E para que conste ante a Xunta de Galicia, para os efectos do seu aboamento, asino este certificado na data da súa sinatura dixital / En _____, o _____ de _____ de 2024

(Sinatura)

(Vº e prace)





ANEXO III: DATOS PERSOAIS E BANCARIOS

DATOS PERSOAIS

Apelidos e nome:		NIF
Enderezo:		
CP:	Localidade:	

DATOS BANCARIOS

TITULAR:																												
IBAN - CÓDIGO CONTA CLIENTE																												

ANO DE NACEMENTO

TIPO IRPF A APLICAR:

Na data da sinatura dixital / En _____, o ____ de _____ de 2024

(Sinatura)



ANEXO IV: GASTOS DE VIAXE

Don/Dona _____, delegado/a da Xunta Electoral
Provincial/de Zona de _____ nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024.

DECLARO que realicei as viaxes que se detallan:

DATA DE SAÍDA	HORA DE SAÍDA	DATA DE CHEGADA	HORA DE CHEGADA	LOCALIDADE DE ORIXE	LOCALIDADE DE DESTINO	TOTAL KM PERCORRIDOS

1) Se utiliza vehículo particular:

"Realicei o desprazamento no meu vehículo particular con matrícula _____"

Importe total: 0,26 €/km x _____ km percorridos = _____ euros

Total km percorridos _____ x 0,26 €/km = _____ euros

Total peaxe (achéguese xustificantes) = _____ euros

Total aparcamento (achéguese xustificantes) = _____ euros

TOTAL desprazamento = _____ euros

2) Se utiliza taxi (deberá achegar recibo detallado dos servizos realizados):

Importe do/s recibo/s: _____ euros

Na data da sinatura dixital / En _____, o ___ de _____ de 2024

A persoa que declara (Sinatura)

CERTIFICADO

Don/Dona _____, secretario/a da Xunta Electoral
Provincial/de Zona de _____

CERTIFICO:

Que o/a declarante asistiu á/s reunión/s que esta Xunta Electoral mantivo o/s día/s _____

Na data da sinatura dixital / En _____, o ___ de _____ de 2024

